

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 29 DE XANEIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 29 de xaneiro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 25 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 2a, 2b, 3a e 3b)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 2c e 3c)
D. José Ángel Otero Lamas, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 8 e 9)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446) (emenda documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 22 de xaneiro de 2019, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.
2. JARDINCELAS, S.L.

Os dous licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L. e JARDINCELAS, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ELSAMEX SA
 2. HPC IBÉRICA, S.A.
 3. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 4. BRICANTEL ESPAÑA, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días á UTE LAPPSET, S.L. e ACEVI, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 70%-30%) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

No documento europeo único de contratación (DEUC) asinado polo apoderado de LAPPSET, S.L. non aparece cumprimentado o apartado "a: *Indicación global relativa a todos los criterios de selección*" da parte IV. En consecuencia, se o licitador cumpre todos os criterios de selección requiridos na cláusula 8 e apartado 5 do Anexo I -FEC- do PCAP (solvencia económica e técnica -incluídos os certificados de calidade ISO-9001 e ISO-14001 ou equivalentes-) deberá cumprimentar afirmativamente este apartado. Se LAPPSET, S.L. non cumpre todos os criterios, senón que os cumpre o outro membro da futura UTE, deberá emendarse o DEUC presentado por ACEVI, S.L.

c) Procedemento aberto de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito (8.235-320)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. SARARTE, S.L.
 2. APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L.
 3. METODO DE ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:50	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAD44-5A2C2C-2HE5DE-BYKBFX-VNG5Z5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



4. NORFORMACIÓN, S.L.
5. CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días a ARA NEGOCIOS S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente, deberá presentar o documento europeo único de contratación (DEUC) asinado por persoa con poder de representación e debidamente cumprimentado, esixido na cláusula 14.2A do PCAP.

Para os efectos de facilitarlle a presentación do DEUC, comunícaselle que atendendo aos requisitos esixidos neste prego, respecto dos criterios de selección (solvenza técnica e económica) é suficiente que cumprimente o apartado "a: *Indicación global relativa a todos los criterios de selección*" da parte IV.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para a emenda da documentación persoal.

c) Procedemento aberto de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito (8.235-320)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para a emenda da documentación persoal.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro - marxe impar" (141-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 25 de xaneiro de 2019 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro - marxe impar" (141-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro - marxe impar" (141-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.	97,60
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	97,27
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,72
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	92,08
5	ORECO, S.A.	89,95
6	HORDESCON, S.L.	76,03
7	COPCISA, S.A.	53,94

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:50	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAD44-5A2C2C-2HE5DE-BYKBFX-VNG5Z5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		